

**PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES QUE REXERÁN NO PROCEDIMENTO ABERTO CON TRAMITACIÓN ORDINARIA PARA A CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS COMPLEMENTARIOS E DE COLABORACIÓN NA XESTIÓN RECADADORA MUNICIPAL DE TODO TIPO DE SANCIONS ADMINISTRATIVAS E NA XESTIÓN E RECADACIÓN DAS MULTAS DE TRÁFICO, EN PERÍODOS VOLUNTARIO E EXECUTIVO DO CONCELLO DE SANXENXO**

**1.- DEFINICIÓN DO OBXECTO DO CONTRATO.-** Constitúe o obxecto do presente contrato a prestación do servizo de colaboración e asistencia aos servizos municipais de recadación na xestión recadadora en períodos voluntario e executivo das multas de tráfico e outras sancions administrativas, comprendendo tarefas de apoio, execución e asistencia, agás execución de actos administrativos nin que impliquen exercicio de autoridade, mediante tramitación ordinaria, procedemento aberto e pluralidade de criterios de adxudicación, con suxeición ao establecido no prego de prescricions técnicas desta mesma data, que forma parte deste prego de cláusulas administrativas particulares, tendo ambos carácter contractual.

**2.- ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN: RETRIBUCIÓN DO CONTRATISTA.-** De conformidade co que dispón o art. 278 da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de Contratos do Sector Público (en diante LCSP):

**Colaboración na xestión administrativa das multas de tráfico e outras sancions:**

**A) Colaboración na xestión e recadación das multas de tráfico:**

1.- Dos ingresos efectuados en concepto de multas de tráfico en período voluntario, corresponderalle ao contratista unha porcentaxe equivalente ao 25% do recadado (IVE excluído)

2.- Se os ingresos se efectúan en vía de constrinximento, corresponderalle ao contratista unha porcentaxe equivalente ao 35% do principal recadado ( IVE excluído).

**B) Colaboración na xestión e recadación dos expedientes administrativos sancionadores de natureza distinta as multas de tráfico:**

**1.- Ingresos en período voluntario:**

- o 35% da recadación líquida cando o importe da sanción non supere os 600,00 euros
- o 25% da recadación líquida cando o importe da sanción se sitúe entre 601,00 e 6.000,00 euros
- o 15% da recadación líquida cando o importe da sanción supere os 6.000,00 euros.

**2.- Ingresos en período executivo:**

- o 35% do principal recadado cando o importe da sanción non supere os 600,00 euros
- o 30% do principal recadado cando o importe da sanción se sitúe entre 601,00 e 6.000,00 euros
- o 20% do principal recadado cando o importe da sanción supere os 6.000,00 euros

O Prezo base estimativo deste contrato según os antecedentes contables para unha duración de catro anos sen posibilidade de prórroga é de 160.000 euros, IVA excluído. O prezo é indicativo aos efectos de determinar o procedemento e forma de adxudicación procedente e a esixibilidade ou non de clasificación ao contratista.

**3.- REVISIÓN DE PREZOS.-** De conformidade co establecido no artigo 77 da LCSP, non procede a revisión de prezos no presente contrato, en consideración ao réxime retributivo establecido na cláusula segunda do presente prego.

**4.- FINANCIAMENTO DO SERVIZO.-** As obrigas económicas do contrato que se derivan para a Administración serán financiadas con cargo ao crédito existente na partida de gastos do orzamento municipal cifrada: 61104.227.08.

O Gasto ten carácter de plurianual ós efectos do disposto no artigo 174 do Real Decreto Lexislativo 2/2.004 do 5 de marzo polo que se adquirirán os compromisos pertinentes a tal efecto nos orzamentos consolidados do Concello para asumir as obrigas derivadas do presente contrato.

**5.- DURACIÓN DO CONTRATO.-** O prazo de execución do contrato é de CATRO ANOS a partir da data da súa formalización (artigo 279.1 da LCSP) .O prazo contractual non poderase prorrogar.

**6.- CAPACIDADE PARA CONTRATAR.-** Soamente pederán contratar co sector público as perseas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, que se indican no art. 43 e ss. da LCSP, que teñan plena capacidade de obrar, non estean incursas en ningúnha prohibición de contratar previstas no art. 49 da LCSP e acrediten a súa solvencia económica e financeira. A solvencia técnica ou profesional acreditarase polos medios establecidos no art. 67 da LCSP.

Igualmente se esixe estar ó corrente no pagamento das cargas sociais e no cumprimento das obrigas tributarias estatais, da Comunidade Autónoma, provinciais e do Concello de Sanxenxo.

As persoas físicas ou xurídicas de Estados non pertencentes á Unión Europea estarán ao que sinaia o art. 44 e as empresas comunitarias ao que indica o art. 47, ambos da LCSP.

**7.- CLASIFICACIÓN EMPRESARIAL OU CRITERIOS PARA DETERMINAR A SOLVENCIA DO CONTRATISTA.-** De conformidade co establecido no art. 25.1 do RD 2/2000, do 16 de xuño, polo que se aprobó o texto refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas, por remisión da Disposición Transitoria Quinta da LCSP, e arts. 37 e 38 do Regulamento xeral, os contratistas que pretendan participar na licitación optando á adxudicación do servizo, deberán ostentar a clasificación empresarial que se indica:

- GRUPO L. SUBGRUPO 2. CATEGORÍA A.

**8.-UNIÓN TEMPORAIS DE EMPRESAS.-** As unións de empresarios poderán contratar co sector público constituídas temporalmente para o efecto, segundo dispón o art. 48 LCSP, debendo cada unha das empresas acreditar a súa identidade nos termos esixidos neste prego e indicar a participación de cada un, así como asumir o compromiso de constituirse formalmente en unión temporal. No suposto de resultar adxudicataria, deberá formalizarse a UTE en escritura pública, presentando o correspondente CIF no prazo dos 15 días seguintes ao da notificación da adxudicación provisional, sendo a súa duración coincidente coa do contrato e quedando os empresarios agrupados obrigados solidariamente ante a administración, debendo nombrar ante ela un representante ou apoderado único.

**9.- PROCEDIMENTO DE ADXUDICACIÓN.-** O presente contrato de servizos, definido no art. 10 da LCSP está encadrado na categoría 27: “outros servizos”.

O contrato adxudicarase mediante tramitación ordinaria, procedemento aberto e pluralidad de criterios de adxudicación, segundo o disposto nos artigos 93 e 141 a 145 e concordantes da LCSP.

**10.- CRITERIOS DE SELECCIÓN E ADXUDICACIÓN.-** Os criterios que servirán de base para a adxudicación serán os seguintes:



**10.1.- Redución das porcentaxes establecidas como retribución máxima para o adxudicatario. Ata un máximo de 40 puntos distribuídos do seguinte xeito:**

A) Colaboración na xestión administrativa das multas de tráfico: ata un máximo de 20 puntos.

A razón de 1 punto por cada 0,5 puntos de baixa sobre o 25% da recadación líquida en período voluntario sinalado como tipo de licitación e 1 punto por cada 1% de baixa sobre o 35% do principal recadado en período executivo.

B) Colaboración no cobro dos expedientes administrativo sancionadores de natureza distinta ás infraccións de tráfico: ata un máximo de 20 puntos.

A razón de 1 punto por cada 0,5% de baixa sobre o 35%, 25% e 15% do recadado en período voluntario segundo a contía da sanción e 1 punto por cada 0,5% de baixa sobre o 35%, 30% ou 20% do principal recadado en período executivo segundo a contía da sanción.

**10.2.- Memoria de organización deste contrato que comprenda os medios persoais e materiais adscritos ao servizo polo licitador. Ata un máximo de 20 puntos.**

A valoración efectuarase tendo en conta a metodoloxía organizativa, solución tecnolóxica e plan de traballo que permita acadar como mínimo unha porcentaxe de cobros en período voluntario do 50% das multas tramitadas que se demostrará con certificados de Concellos nos que preste este servizo, experiencia contrastada e debidamente acreditada do persoal que se dedique, debendo indicarse as persoas que se asignarán especificamente ao contrato e cualificación técnica das mesmas.

Achegará á memoria a relación dos principais servizos ou traballos realizados nos últimos tres anos, relacionados co obxecto do contrato, indicando o importe, datas e beneficiarios dos mesmos, o que acreditará mediante a presentación dos correspondentes certificados ou documentación.

**10.3.- Melloras ofertadas sobre as condicións non económicas contidas no prego que permitan unha óptima calidade na xestión recadadora. Ata un máximo de 20 puntos.**

No presente apartado valoraranse entre outras cuestións, a capacidade da empresa en aportar solucións e servizos de comunicación con contribuíntes e terceiros, conexión con entidades bancarias e organismos, horario de apertura das oficinas, representación xurídica do Concello nos recursos contenciosos que se presenten, e en xeral, todo aquilo que recunde en mellorar a calidade na prestación do servizo .

A apreciación de ofertas con valores anormais ou desproporcionados que se recolle no art. 136 da LCSP realizarase de acordo cos criterios recollidos no artigo 85 do RD 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas.

**11.- ANUNCIO.-** En cumprimento do establecido no artigo 120 LCSP, o anuncio de licitación publicarase no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, no Diario Oficial de Galicia e no perfil do contratante do Concello de Sanxenxo.

**12.- OBTENCIÓN DE INFORMACIÓN.-** As empresas interesadas pederán informarse para a obtención de documentación ata o día anterior ao de remate do prazo de presentación de proposicións, no Servizo de Contratación do Concello de Sanxenxo (Rúa Consistorio, nº 4-6. Sanxenxo, teléfono 986-720075, fax 986-721022, tamén poderá obterse a documentación no perfil do contratante do Concello: WWW.sanxenxo.es

**13.- PRESENTACIÓN DE PROPOSICIÓN (LUGAR E PRAZO).-** As proposicións dos interesados deberán axustarse ao previsto neste prego e ao indicado no art. 129 da LCSP e presentaranse de 9 a 14,00 horas no Rexistro Xeral do Concello de Sanxenxo, no prazo quince días (15 días) contados a partires do día seguinte ao da última publicación do anuncio de licitación sexa esta no BOP ou no DOG de conformidade co artigo 143.1 da LCSP.

Os licitadores deberán entregar as plicas pechadas e asinadas, acompañadas da documentación que prescribe o art. 130 LCSP e cos requisitos esixidos no presente prego.

Cando a proposición se envíe por correo, o empresario deberá xustificar, dentro do prazo para a presentación de proposicións, a data da imposición do envío e anunciar ao órgano de contratación a súa remisión mediante telegrama ou fax o mesmo día da imposición. A proposición orixinal deberá ser enviada por correo ou mensaxería urxente ao Rexistro xeral do Concello de Sanxenxo.

**14.- DOCUMENTACIÓN.-** O licitador presentará dous sobres pechados identificados no seu exterior coa seguinte lenda:

**SOBRE (indicar do que se trata: A ou B). PROPOSICIÓN QUE PRESENTA A EMPRESA "**  
"  
**PARA TOMAR PARTE NO PROCEDIMENTO ABERTO CON TRAMITACIÓN ORDINARIA PARA A CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS COMPLEMENTARIOS E DE COLABORACIÓN NA XESTIÓN RECADADORA MUNICIPAL DE TODO TIPO DE SANCION ADMINISTRATIVAS E NA XESTIÓN E RECADACIÓN DAS MULTAS DE TRÁFICO, EN PERÍODOS VOLUNTARIO E EXECUTIVO DO CONCELLO DE SANXENXO.**

**SOBRE "A": Subtitulado "Documentación administrativa".** A documentación contida neste sobre que se enumera de seguido, é obrigatorio que se presente debidamente ordenada e precedida dun índice que identifique e sitúe cada un dos documentos individuáis seguintes:

**a) Para acreditar a personalidade xurídica:**

-Fotocopia do DNI ou NIF para os empresarios individuais e escritura pública de constitución ou modificación inscrita no Rexistro Mercantil para persoas xurídicas, cando este requisito sexa esixíble conforme á lexislación mercantil; se non o fora, a acreditación realizarase mediante a escritura ou documento de constitución, estatutos ou acto fundacional, inscritos no seu caso no correspondente rexistro oficial e DNI ou NIF do representante da empresa. Ademáis as empresas que se presenten deberán ser persoas físicas ou xurídicas con finalidade ou actividade relacionada directamente co obxecto do contrato, segundo resulte dos seus respectivos estatutos ou regras fundacionais e se acredite debidamente e dispoñer dunha organización para a debida execución do contrato.



-Poder cando o licitador non actúe en nome propio ou se trate de sociedades ou persoas xurídicas, acompañado de declaración xurada do representante na que conste que o poder outorgado continúa en vigor ao día da data de presentación da proposición.

**b) Para acreditar a capacidade do licitador para contratar coa Administración:**

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar do art. 49 LCSP. Esta declaración incluírá a manifestación de estar ao corrente do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes, sen prexuízo de que a xustificación acreditativa de tal requisito deba presentarse, polo adxudicatario, antes da adxudicación definitiva según modelo:

“DECLARACIÓN DE RESPONSABILIDADE

D. \_\_\_\_\_ con N.I.F. nº \_\_\_\_\_, veciño de \_\_\_\_\_ con domicilio para os efectos de notificación en \_\_\_\_\_ Teléfono nº \_\_\_\_\_, fax nº \_\_\_\_\_, e-mail \_\_\_\_\_, actuando en en representación da empresa \_\_\_\_\_, C.I.F. nº \_\_\_\_\_ constituída por escritura autorizada polo Notario \_\_\_\_\_ do Colexio de \_\_\_\_\_ o día \_\_\_ de \_\_\_\_\_ do 200\_, inscrita no Rexistro Mercantil de \_\_\_\_\_ Tomo \_\_\_ folio \_\_\_ inscrición \_\_\_ de la hoja \_\_\_\_\_. Acredita a súa representación, a través do poder outorgado o día \_\_\_ de \_\_\_\_\_ do 200\_ perante o Notario \_\_\_\_\_ do Colexio de \_\_\_\_\_.

DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE:

Que son certos os datos indicados e que a empresa á que representa reúne os requisitos de plena capacidade xurídica e de obrar consonte os artigos 15 e 197 do T.R.L.C.A.P.

Que a empresa á que representa non incorre en ningunha das prohibicións para contratar, sinaladas no artigo 49 da LCSP en particular non incorre en incompatibilidades para contratar co Ilmo. Concello de Sanxenxo, e que, especialmente, áchase ó corrente no cumprimento das obrigas tributarias e de Seguridade Social que impoñen as disposicións vixentes<sup>1</sup>.

Que a empresa a que representa está ó corrente do cumprimento das obrigas tributarias da Facenda Pública da Administración do Estado, da Facenda Pública da Xunta de Galicia, da Facenda Pública do Concello de Sanxenxo e das obrigas coa Seguridade Social, sen prexuízo de que a xustificación acreditativa de tal requisito deba presentarse antes da adxudicación definitiva, segundo o artigo 130 da LCSP.

Que coñece os pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas que serven de base ó contrato e que o acepta incondicionalmente.

Lugar e data

Sinatura do Proponente

D. \_\_\_\_\_

<sup>1</sup> Para os efectos da súa xustificación acreditativa e de resultar proposto para a adxudicación, comprométo-me a presentar antes da adxudicación e no prazo máximo de cinco días hábiles a contar desde que así se me requira:

- Certificación positiva emitida pola Axencia Estatal de Administración Tributaria ou Delegación de Facenda competente.
- Certificación positiva emitida pola Consellería de Economía e Facenda da Xunta de Galicia ou Delegación Provincial da mesma competente.
- De estar obrigado ó seu pagamento, presentación da alta e, no seu caso, do último recibo do Imposto de Actividades Económicas.

Certificación positiva emitida pola Tesourería Xeral da Seguridade Social.

2. Autorización para a cesión de información relativa a obrigas tributarias, da Seguridade Social, do Estado, en procedementos de contratación, segundo o seguinte modelo:

“D/D<sup>a</sup> \_\_\_\_\_, \_\_\_\_\_, con DNI núm. \_\_\_\_\_ e domicilio en \_\_\_\_\_, en nome propio ou da empresa \_\_\_\_\_ á que representa no procedemento de adxudicación do contrato de prestación dos servizos complementarios e de colaboración na xestión recadadora municipal de todo tipo de multas e sancións administrativas en período executivo e para a xestión administrativa e recadación das multas de tráfico en voluntaria no Concello de Sanxenxo, autoriza á administración contratante a solicitar a cesión da información por medios informáticos ou telemáticos, das circunstancias de estar ou non ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado e a Seguridade Social para os efectos do procedemento de contratación do expediente indicado, de acordo co establecido na Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, Lei do IRPF, a Lei do Imposto de Sociedades e outras normas tributarias e da Seguridade Social e demais disposicións de aplicación, sempre que o órgano de contratación o estime oportuno. (Lugar, data e sinatura do proponente)”

3.- Para empresas estranxeiras declaración indicada no art. 130. d) LCSP.

4.- Índice da documentación que se inclúe neste sobre, na primeira páxina.

**c) Non será preciso acreditar a solvencia económica e financeira do licitador e a solvencia técnica, por esixirse a clasificación do contratista.**

Para acreditar a solvencia técnica, o licitador deberá presentar unha relación dos principais servizos ou traballos realizados nos últimos tres anos, relacionados co obxecto do contrato, indicando o importe, datas e beneficiarios dos mesmos, o que acreditará mediante a presentación dos correspondentes certificados ou documentación.

**SOBRE "B": Subtitulado "Oferta económica"**, conterá os criterios de avaliación indicados na cláusula 10, coa mesma orde que aparecen na citada cláusula, e contera igualmente a oferta económica, formulada no seguinte modelo:

“D./D<sup>a</sup> \_\_\_\_\_ con DNI núm. \_\_\_\_\_, teléfono \_\_\_\_\_, e domicilio a efectos de notificación en \_\_\_\_\_ en nome propio (ou en representación de \_\_\_\_\_ DNI ou CIF \_\_\_\_\_), con domicilio en \_\_\_\_\_, toma parte no concurso con procedemento aberto e tramitación ordinaria para a contratación da prestación dos SERVICIOS COMPLEMENTARIOS E DE COLABORACIÓN NA XESTIÓN RECADADORA MUNICIPAL DE TODO TIPO DE SANCIÓN S ADMINISTRATIVAS E NA XESTIÓN E RECADACIÓN DAS MULTAS DE TRÁFICO, EN PERÍODOS VOLUNTARIO E EXECUTIVO DO CONCELLO DE SANXENXO, e comprométese á execución da prestación nas seguintes condicións:

1. Prezo (indicar cada un dos apartados segundo a orde da cláusula 2 deste prego).
2. Memoria de organización deste contrato que comprenda os medios persoais e materiais adscritos ao servizo polo licitador: (exponer de seguido ou indicar documento independente).



3. Melloras non previstas expresamente no presente prego: (exponer de seguido ou indicar documento independente).
4. Que coñece e acepta as obrigas que se derivan do presente Prego de cláusulas administrativas particulares do contrato.
5. Que acompaña a documentación esixida no Prego de cláusulas administrativas particulares.

\_\_\_\_\_, \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2009.  
O LICITADOR (asinado e rubricado).”

O licitador acompañará á oferta económica toda a documentación que estime oportuna en orde a valorar a súa oferta en relación cos criterios de adxudicación establecidos na cláusula 10 deste prego.

**15.- DOCUMENTOS ORIXINAIS E COPIAS.-** Os documentos que se acompañen deberán ser orixinais, non obstante admitiranse fotocopias dilixenciadas pola Secretaria ou funcionario/a en quen delegue, ñas que se faga constar que foron compulsadas cos seus orixinais.

Poderá así mesmo admitirse fotocopias sen compulsa da documentación cando venan acompañadas de declaración responsable na que se faga constar que se corresponden cos seus orixinais e o compromiso da súa aportación no caso de resultar adxudicatario provisional, obrigándose no caso de incumprimento ou falsidade á indemnización a este Concello dos danos e prexuízos que se lle ocasionen por esta circunstancia.

## **16.- APERTURA DE PROPOSICIÓNS E ADXUDICACIÓN.-**

**16.1.- Mesa de Contratación.-** Conforme establece a Disposición Adicional Segunda, apartado 10 LCSP, estará constituída pola Alcaldesa que a presidirá ou membro da Corporación en quen delegue. Vogais: Secretaría xeral, Interventor xeral, tres concelleiros designados pola Alcaldía, actuando como Secretario o Secretario xeral do Concello ou funcionario en quen delegue.

Previamente ao acto de apertura de proposicións económicas, a Mesa de Contratación constituirase formalmente para proceder á apertura dos sobres A correspondentes á documentación administrativa, levando a cabo as seguintes actuacións:

Apertura e clasificación de documentación (sobre A): A mesa examinará a documentación aportada polos licitadores, cualificando a mesma e determinando que de non axustarse aos presentes pregos, quedará excluído o licitador. Non obstante, as deficiencias documentais que sexan subsanables comunicaranse aos licitadores afectados para a súa corrección nun prazo non superior a 3 días hábiles. En todo caso a documentación administrativa deberá estar perfectamente completa antes da adxudicación definitiva.

Apertura da oferta económica (sobre B): A Mesa de Contratación reunirse na sala de xuntas do Concello, en acto público, o cuarto día hábil seguinte á data de finalización do prazo de presentación de ofertas. Dará conta do resultado da cualificación da documentación xeral presentada polos licitadores no sobre A, indicando os excluídos e as causas da súa exclusión, invitando aos asistentes a formularen as observacións que consideren procedentes, que se recollerán na acta.



A continuación realizarase a apertura dos sobres B, procedéndose ao seu estudio e avaliación pola Mesa de Contratación de acordó eos criterios previstos neste prego. A apertura dos sobres B e a lectura das proposicións realizarase en acto público; a deliberación e traballos de valoración que realice a Mesa non será pública.

A Mesa, nesa mesma sesión ou noutra posterior se considerase conveniente obter previamente os informes que crea oportunos sobre as proposicións, elevará estas coa Acta e a proposta que estime pertinente ao órgano de contratación que teña que efectuar a adxudicación provisional.

**16.2.- Adxudicación provisional e definitiva.-** O órgano de contratación, unha vez recibida a documentación da Mesa de Contratación, dictará resolución motivada de adxudicación provisional do contrato.

A adxudicación provisional, que será motivada, acomodarse á proposta da Mesa, agás que esta se fixese con infracción do ordenamento xurídico, será notificada aos participantes na licitación e publicada no perfil de contratante.

No prazo de quince días hábiles, de conformidade co previsto no artigo 135.4 da LCSP, dende a publicación da adxudicación provisional no perfil de contratante, o adxudicatario provisional presentará a xustificación acreditativa de estar ao corrente das obrigas tributarias e para coa Seguridade Social na forma prevista nos artigos 13 a 15 do RD 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións públicas, presentará tamén o relativo ao Imposto de Actividades Económicas.

Asemade, o adxudicatario provisional aportará xustificante de ter depositado a garantía definitiva que se indica na cláusula seguinte.

A adxudicación provisional elevarase a definitiva dentro dos 10 días hábiles seguintes a aquél no que expire o prazo de 15 días hábiles previstos no parágrafo primeiro do art. 135.4 da LCSP xa mencionado, publicándose no BOP e Perfil de contratante.

No caso de que non proceda a adxudicación do contrato ao licitador que resultara adxudicatario provisional (por non cumprir este as condicións necesarias), antes de proceder a unha nova convocatoria, poderase (de xeito facultativo para o órgano de contratación) efectuar unha nova adxudicación provisional ao licitador ou licitadores seguintes a aquel, pola orde na que quedaran clasificadas as súas ofertas, sempre que isto fora posible e que o novo adxudicatario prestara a súa conformidade. En tal caso, concederese a este un prazo de dez días para presentar a documentación correspondente e a garantía definitiva, segundo se dispon no artigo 135.5 LCSP.

**17.- GARANTÍA DEFINITIVA.-** O adxudicatario no prazo de quince días dende a data da publicación da adxudicación provisional no perfil de contratante e como requisito previo e necesario para a adxudicación definitiva, deberá constituir na Caixa da Corporación do Concello de Sanxenxo a garantía definitiva á que se refire o art. 83 LCSP, por importe de 8.000,00 euros, por medio de calquera das formas previstas no art. 84 e segundo o estipulado no art. 85 da LCSP en canto ao réxime das garantías prestadas por terceiros.

**18.- FORMALIZACIÓN.-** O contrato formalizarase en documento administrativo dentro do prazo de 10 días hábiles, a contar dende o seguinte ao da notificación da adxudicación definitiva, constituíndo título suficiente para acceder a calquera rexistro público. Non obstante, o contratista poderá solicitar que o contrato se eleve a escritura pública, correndo do seu cargo os correspondentes gastos (art. 140.1 LCSP).





Cando por causas imputables ao contratista non se formalizara o contrato dentro do prazo indicado, a Administración poderá acordar a súa resolución segundo indica o art. 141.3, sendo de aplicación o previsto no art. 195.3.a). Se as causas da non formalización fosen imputables á Administración, indemnizarase ao contratista dos danos e prexuízos que lle ocasionara a demora, con independencia de que poida solicitar a resolución do contrato ao amparo da letra d) do art. 206 LCSP.

**19.- EXECUCIÓN DO CONTRATO.-** O contrato executarase a risco e ventura do contratista, con suxeición ao establecido no seu clausulado e nos pregos e de acordo coas instrucións que dea o órgano de contratación ao contratista para a súa interpretación.

Dentro do concepto de risco e ventura do contratista enténdense expresamente incluídas as adaptacións que ao longo da execución do contrato deba realizar o contratista a consecuencia das modificacións que se poidan ir producindo no marco normativo de aplicación. Esta asunción do risco e ventura por parte do contratista estenderase ata o momento de remate do contrato e non suporán modificación contractual e en ningún caso conlevarán alteración do prezo do contrato.

Tal e como se prevé no artigo 281 da LCSP, o contratista será responsable da calidade técnica dos traballos que desenvolva e das prestacións e servizos realizados, así como das consecuencias que se deduzan para a Administración ou para terceiros, das omisións, erros, métodos inadecuados ou conclusións incorrectas na execución do contrato.

**20.- DEREITOS E OBRIGAS.-** O adxudicatario queda obrigado a executar os traballos indicados con estricte suxeición as estipulacións contidas neste prego e no de prescricións técnicas en todo o que non se opoña a este prego, estando así mesmo obrigado ao estricte cumprimento de cantas disposicións de carácter laboral e fiscal sexan de aplicación ao contrato, sendo da súa conta e risco todo o referente a accidentes de traballo e enfermidades profesionais, normas de seguridade e hixiene e de protección á industria.

O contratista someterase á obriga de confidencialidade da información nos termos establecidos no art. 124 da LCSP.

Vén igualmente obrigado a gardar sigilo respecto aos datos e antecedentes que, non sendo públicos ou notorios, estean relacionados co obxecto do contrato e foran do seu coñecemento con ocasión do mesmo.

O persoal adscrito ao servizo dependerá exclusivamente do contratista, quen terá todos os dereitos e deberes inherentes á súa calidade de empresario respecto do mesmo.

En xeral, o contratista responderá, no seu caso, de cantas obrigas lle veñen impostas no seu carácter de empregador, así como do cumprimento de cantas normas regulan e desenvolven a relación laboral ou doutro tipo, existente entre él e os seus traballadores, sen que poida repercutir contra a Administración ningunha multa, sanción ou calquera tipo de responsabilidade que, por incumprimento dalgunha delas, puideran imporlle os organismos competentes.

O contratista deberá ter subscritos os seguros obrigatorios, así como un seguro que cubra as responsabilidades que se deriven da execución do contrato.

Á extinción do contrato non poderá producirse, en ningún caso, a consolidación das persoas que teñan realizado os traballos obxecto do contrato como persoal do órgano de contratación.

En calquera caso, o contratista indemnizará á Administración de toda cantidade que se vise obrigada a pagar por incumprimento das obrigas establecidas neste prego, aínda que lle veña imposto por resolución xudicial ou administrativa.



Corresponderá e será a cargo do contratista:

-A obtención das autorizacións e licenzas, documentos ou calquera información tanto oficial coma particular, que se requira para a realización do servizo contratado.

-A indemnización dos danos que se causen tanto á Administración como a terceiros, como consecuencia das operacións que requira a execución do servizo, agás cando eses danos teñan sido ocasionados como consecuencia dunha orde inmediata e directa da Administración (artigo 198 LCSP).

Son tamén dereitos e obrigas da Administración contratante as previstas na normativa vixente, Leí 30/2007, do 30 de outubro, de Contratos do Sector Público, Regulamento Xeral de Contratación, Regulamento de Servizos das Corporacións Locais e, especialmente, a interpretación do contrato e a resolución das dúbidas que xurdan en relación co cumprimento do presente prego e correspondente contrato.

**21.- FORMA DE PAGAMENTO.-** O adxudicatario ten dereito ao aboamento do prezo convindo, de acordo coas condicións establecidas no contrato, o pagamento efectuarase pola Tesourería do Concello, mediante pagos mensuais, previa presentación de factura emitida polo contratista, na que será repercutido como partida independente o Imposto sobre o Valor Engadido no documento que se presente para o cobro, e conforme aos prazos previstos na lexislación.

**22.- GASTOS.-** Sen prexuízo doutros que puideran corresponderlle, serán de conta do adxudicatario os gastos de impostos, tributos, Valor Engadido (que irá dentro do prezo de adxudicación), anuncios que puidera xerar o procedemento e, no seu caso, os de formalización do contrato en escritura pública, segundo o sinalado neste prego.

Así mesmo, xestionar cantas autorizacións ou permisos administrativos ou doutro tipo que puideran ser necesarios para a execución completa do obxecto do contrato, debendo aboar, á súa costa, todos os gastos que se devenguen para a xestión das devanditas autorizacións ou permisos. Figurará como titular da autorización o Concello ou a persoa que este designe.

**23.- PRAZO DE EXECUCIÓN DO CONTRATO E PENALIDADES ADMINISTRATIVAS.-** O contratista está obrigado a cumprir o contrato durante o prazo fixado de catro anos a partir da sinatura do contrato.

O adxudicatario deberá realizar os servizos con estricta suxeición as estipulacións contidas no presente prego.

A mora do adxudicatario non precisará intimación previa por parte da administración, ante o incumprimento por causas imputables ao contratista a administración poderá optar indistintamente, na forma e condicións establecidas no art. 196 da LCSP, pola resolución do contrato con perda da garantía definitiva ou pola imposición das penalidades diarias na proporción de 0,20€ por cada 1000€ do prezo do contrato e demais penalidades establecidas no citado artigo.

O importe das penalidades non exclúe a indemnización a que puídese ter dereito a Administración por danos e prexuízos orixinados polo incumprimento ou cumprimento defectuoso do contratista.

**24.- MODIFICACIÓN DO CONTRATO.-** Nin o contratista nin o responsable do servizo pederán introducir ou executar modificación ningunha no obxecto do contrato sen a debida aprobación previa e, no seu caso, do presuposto correspondente polo órgano de contratación. As modificacións que non estean debidamente autorizadas pola Administración orixinarán responsabilidade no contratista, quen virá obrigado a refacer a parte dos servizos que resulte afectada por aquelas, sen aboamento ningún.

Cando como consecuencia da modificación do contrato de servizos acordada conforme ao establecido no art. 202 da LCSP, se produza un aumento, redución ou supresión de servizos ou substitución duns por outros, sempre que os mesmos estean contidos no contrato, estas modificacións serán obrigatorias para o contratista, sen que teña dereito ningún, no caso de supresión ou redución de unidades ou clases de servizos, a reclamar indemnización por esas causas, sempre que non se encontren nos casos previstos na letra c) do art. 284 da LCSP.

**25.- PRAZO DE GARANTÍA.-** Unha vez rematado o contrato de prestación do servizo e a prórroga no seu caso, o contrato terá unha garantía de un ano, durante o que o Concello poderá solicitar do adxudicatario canta información e documentación fose necesaria. Se durante este prazo se acredítase a existencia de vicios ou defectos, terá dereito a Administración a reclamar do contratista a súa subsanación, de conformidade co disposto no art. 283 LCSP.

**26.- CAUSAS DE RESOLUCIÓN.-** Serán causas de resolución do contrato as previstas nos artigos 206 e 284 da LCSP, cos dereitos que se establecen nos mesmos e os efectos indicados nos artigos 208 e 285 LCSP.

Así mesmo, constituirá causa de resolución do contrato imputable ao contratista:

a) Incumprimento da obriga de gardar sixilo, establecida na cláusula 19 deste Prego.

b) O abandono por parte do contratista do servizo obxecto do contrato. A estes efectos, entenderase producido o abandono cando a prestación non se desenvolva coa regularidade adecuada ou cos medios humanos ou materiais precisos para a normal execución do contrato. Non obstante, cando se dea este suposto, a Administración, antes de declarar a resolución, requirirá ao contratista para que regularice a situación no prazo de cinco días a contar dende o requirimento.

c) A incursión do contratista, durante a vixencia do contrato, nalgunha das prohibicións sinaladas na normativa vixente ou en incompatibilidade, sen a obtención inmediata da correspondente compatibilidade.

O acaecemento de calquera destas causas, nos termos establecidos, facultará ao órgano de contratación para dar por resolto o contrato, coa indemnización de danos e prexuízos e demais efectos que procedan conforme á normativa aplicable, podendo optar pola execución subsidiaria, realizando as obrigas incumplidas ou continuando a execución do contrato por sí ou a través das persoas ou empresas que determine, a costa do contratista. O importe da garantía responderá de todo elo no que alcance é sen prexuízo da responsabilidade xeral do contratista.

**27.- CESIÓN DO CONTRATO E SUBCONTRATO.-** O contratista non poderá ceder os dereitos dimanantes do contrato, tampouco subcontratar parte ningunha deste contrato sen obter previamente a autorización do Concello, cos requisitos e condicións establecidos nos artigos 209 e 210 da LCSP.

O contratista está abrigado a aboar o prezo pactado aos subcontratistas dentro dos prazos e segundo as condicións establecidas no artigo 211 da LCSP.

**28.- PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS.-** De acordó co establecido na Lei Orgánica 15/1999, infórmase que os datos persoais que se faciliten para a participación no presente procedemento de contratación incorporáronse a un ou varios ficheiros, dos que é responsable o Concello de Sanxenxo con domicilio na Rúa Consistorio, 4-6 de Sanxenxo (Pontevedra), onde poderán exercitarse os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e, no seu caso o de oposición dirixíndo solicitude por escrito asinada e xuntando fotocopia do DNI.

Mediante a participación no presente procedemento, os titulares dos datos persoais facilitados consintén expresamente o tratamento dos mesmos coa finalidade de levar a cabo a tramitación deste procedemento de contratación.

Así mesmo, os licitantes autorizan a comunicación dos seus datos persoais a entidades financeiras, Facenda Pública e diarios oficiais, e outras administracións públicas para o exercicio das súas respectivas competencias.

No caso de que os licitantes, facilitasen datos de carácter persoal de terceiros, previamente a su inclusión deberán informar aos titulares dos mesmos dos extremos establecidos nos parágrafos anteriores, absténdose de incluílos no caso de non obter o seu consentimento.

**29.- PRERROGATIVAS DA ADMINISTRACIÓN.-** O órgano de contratación competente do Concello de Sanxenxo é a Alcaldía, que ten a prerrogativa de interpreta-lo contrato e resolver as dúbidas que ofrezca o seu cumprimento.

Igualmente poderá modificar o contrato formalizado, acordar a súa resolución dentro dos límites e con suxeición aos requisitos e efectos sinalados na LCSP e as súas disposicións de desenvolvemento.

As resolucións que dicte o órgano de contratación no exercicio das súas prerrogativas de interpretación, modificación e resolución, serán inmediatamente executivos.

**30.- NATUREZA, RÉXIME XURÍDICO E XURISDICCIÓN COMPETENTE.-** O servizo prestarase no ámbito da entidade local e dos seus organismos autónomos.

O presente contrato ten carácter administrativo de servizos, polo que rexe pola normativa específica de contratos de servizos da LCSP e ambas partes quedan sometidas expresamente á lexislación de contratos do sector público e normas complementarias e, se é o caso, da Comunidade Autónoma de Galicia nos termos do art. 149.1.18 da Constitución, así como as demais disposicións de desenvolvemento, en especial o regulamento de desenvolvemento; supletoriamente aplicaranse as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

As cuestións litixiosas xurdidas sobre interpretación, modificación, resolución e efectos deste contrato, serán resoltas polo órgano de contratación, do que os acordos poñerán fin á vía administrativa e, contra estes, caberá a interposición de recurso contencioso-administrativo, conforme ao disposto pola Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da devandita xurisdicción, previa interposición, se é o caso, do recurso potestativo de reposición e sen prexuízo da interposición de calquera outro recurso que os interesados estimen procedente.



CONCELLO DE  
**SANXENXO**

Consistorio, 4  
36960 Sanxenxo  
Pontevedra

Tel.: 986 720 075  
Fax: 986 721 022

Sanxenxo, 24 de abril de 2009.



**ALCALDESA**

**Asdo. Catalina González Bea**